



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

ANUNCIO PUBLICACIÓN: Resolución concesión das subvencións dirixidas a entidades culturais para o ano 2024 do Concello de Betanzos.

EXPEDIENTE: 2024/A002/000003

A alcaldía, mediante o Decreto número 553/2025 de data 14.03.2025 acordou a aprobación da concesión das subvencións dirixidas ás entidades culturais para o ano 2024 do Concello de Betanzos.

E en cumprimento do disposto na base 5.3 das bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades culturais para o ano 2024, procédese a publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións na sede do Concello de Betanzos.

DECRETO: DECRETO CONCESIÓN SUBVENCIÓN MUNICIPAL DIRIXIDA A ENTIDADES CULTURAIS PARA O ANO 2024. EXP: 2024/A002/000003.

EXPEDIENTE:2025/G003/000569

Doña María Barral Varela, Alcaldesa do Concello de Betanzos, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

Visto que na Xunta de Goberno Local do Concello de Betanzos, na sesión Ordinaria do venres 28 de novembro de 2024, aprobouse a convocatoria e as bases reguladoras da CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURAIS PARA O ANO 2024, xunto cos modelos normalizados para a solicitude e a xustificación das subvencións.

Vista a publicación do extracto da subvención no BOP número 233 de 3 de decembro do ano 2024.

Vistas as solicitudes presentadas no prazo habilitado dende o 4 de novembro ata o 13 de novembro ambos incluídos.

Visto o Decreto 375/2025 de data 19/02/2025, polo que se convoca a comisión de valoración, formada como membros por : Marcos Martínez Bacelar, Carlos Lorenzo Pérez e Daniel Loza Martínez. E nomeando como secretario/a sen voz nin voto a Yolanda González Rodríguez, técnica de administración xeral de Intervención.

Vista a acta da comisión de valoración realizada a data 26/02/2025 na que propón a concesión e o reparto de puntuación máis a contía a entregar e asinada o 13/03/2025.

Visto informe de intervención desfavorable a data 13 de marzo de 2025 onde se formulan as seguintes observacións: “ *Tendo en conta todo o que se indica anteriormente, esta Intervención FISCALIZA DESFAVORABLEMENTE, a concesión das subvencións a entidades culturais do Concello de Betanzos para o ano 2024, para financiar as actividades de exercicios anteriores ao supoñer a quebra do principio de anualidade orzamentaria e non ter encaixe dentro da actividade de fomento ao fallar o efecto incentivador.*”

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións (RXS).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e demais axudas públicas.
- Bases de execución do orzamento do Concello de Betanzos.
- Base reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades culturais para o ano 2024.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. Segundo o disposto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

A efectos desta lei, terá a consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Neste suposto, e sen prexuízo das especialidades que puidesen derivarse da capacidade de autoorganización das Administracións públicas, a proposta de concesión formularase ao órgano concedente por un órgano colexiado a través do órgano instructor.

A composición do órgano colexiado será a que establezan as correspondentes bases reguladoras. Excepcionalmente, sempre que así se preveña nas bases reguladoras, o órgano competente procederá ao prorrateo entre os beneficiarios da subvención, do importe global máximo destinado ás subvencións.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

As bases de convocatoria de subvención municipais dirixidas ás entidades culturais no exercicio 2024.

SEGUNDA. O artigo 24 LGS no que se establece o procedemento do instrución das subvencións de concorrencia competitiva, polo que unha vez o órgano colexiado, en este caso a comisión de valoración emite informe e o órgano instrutor formula proposta ao órgano concedente.

TERCEIRA. A acta da comisión na que se recollen os baremos e decisións tomadas pola mesma, e na que se recollen as seguintes aclaracións:

“A comisión reúnese na sala de xuntas do Concello de Betanzos as 09:00 horas do día 26/02/2025, conforme aos baremos de puntuación recollidos nas bases, leva a cabo a seguinte xustificación:

A) En primeiro lugar debe determinarse a aplicación dos criterios comúns de valoración, polo que decídese aplicar da seguinte maneira:

1) Coeficiente de financiamento derivado da solicitude. 10 puntos

- Solicitude do 80% do orzamento : 5 puntos.*
- Solicitude do 79% ata o 50 % do orzamento: 8 puntos.*
- Solicitude de menos do 50 % do orzamento: 10 puntos.*

O porcentaxe e puntuación aplicable a cada asociación é o seguinte:

(...)

2) Traxectoria, recursos e base social da entidade. 20 puntos

INDICADORES	PUNTUACIÓN ESTIMADA
Ano de fundación	3
Número de anos en funcionamento	3
Número de persoas asociadas	4
Local en propiedade ou alugueiro, indicando si o pon a disposición doutras entidades de forma gratuíta	3
Número de actividades realizadas	4
Complementariedade coa programación cultural do Concello de Betanzos	3

Considerouse destacar a puntuación nos indicadores de número de persoas asociadas e número de actividades realizadas, pola súa relación directa coa capacidade parra mobilizar o apoio comunitario na acción social e pola capacidade para organizar unha oferta cultural ampla a disposición do conxunto da veciñanza.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

(...)

3) *Ferramentas de difusión impacto social e acceso aberto ao traballo da entidade. 7.5 puntos.*

INDICADORES	PUNTUACIÓN ESTIMADA
Redes sociais	3
Páxina web	3
Folletos e outros impresos	1,5

(...)

4) *Representación mínima do 33% de mulleres na Xunta directiva. 2,5 puntos.*

- *Menos de 33% : 0 puntos.*
- *33% ou máis : 2,5 puntos*

(...)

B) *En canto os criterios específicos de cada categoría:*

1) *Criterios de modalidade A:*

1. a) *Natureza sociocultural, diversificación e estabilidade das liñas de traballo: ata 20 puntos.*

- *A entidade conta con grupo estable de persoas no campo das artes escénicas ou musicais. 4 puntos.*
- *A entidade edita unha publicación periódica e/ou conta con grupo estábel de persoas no campo da cultura, o libro e /ou a edición. 4 puntos.*
- *A entidade conta con grupo estable de persoas no campo da imaxe, as artes plásticas e o audiovisual. 4 puntos.*
- *A entidade conta con grupo estable de persoas no campo do patrimonio material e/ou inmaterial. 4 puntos.*
- *A entidade conta con grupo estable de persoas no campo do pensamento, a historia e o debate social. 4 puntos.*

Dentro da modalidade A e segundo os datos obrantes no expediente a puntuación correspondente as asociación é a seguinte:

(...)

1. b) *Interese da proposta presentada, valorado por unha comisión técnica de persoas expertas no ámbito cultural e alleas ao Concello: ata 40 puntos.*

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

- O interese cultural da proposta, ata 20 puntos.

INDICADORES	PUNTUACIÓN ESTIMADA
<i>Relacionado coa cultura galega e local</i>	3
<i>Estimula a actividade artístico e intelectual e o fomento de hábitos culturais</i>	3
<i>Grao de contribución ao interese xeral</i>	2
<i>Promove a participación veciñal</i>	3
<i>Proxectos con edicións anteriores, consolidados e mantidos no tempo</i>	2
<i>Grao de creatividade e innovación do proxecto</i>	2
<i>Actividades non cubertas pola oferta municipal e que contribúen a complementala</i>	3
<i>Uso e fomento da lingua galega</i>	2
	20

(...)

- O impacto sociocultural, os destinatarios e as estratexias de creación de públicos previstos na proposta, ata 20 puntos.

INDICADORES	PUNTUACIÓN ESTIMADA
<i>Promove hábitos de vida sa</i>	2
<i>Impacto en canto ao número de beneficiarias da actividade</i>	2
<i>Grao en que o proxecto contempla especificamente a participación</i>	3
<i>Grao en que o proxecto ten en conta a información ou comunicación do mesmo</i>	2
<i>Carácter aberto ou pechado do proxecto</i>	2
<i>Variedade ou amplitude do público destinatario</i>	3
<i>Fomento da relación interxeracional</i>	3
<i>Actividades que fomentan a creación de novos públicos</i>	3
	20

(...)

2) Criterios da modalidade B.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).

**Concello de Betanzos**

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

2. a) Natureza sociocultural, diversificación e estabilidade das liñas de traballo: 20 puntos.

- A entidade solicitante acredita o desenvolvemento dos proxectos e actividades no ano anterior relacionadas coa recuperación da entidade e da memoria veciñal, información e difusión de contidos relacionados directamente coa veciñanza. 4 puntos.
- A entidade solicitante acredita o desenvolvemento dos proxectos e actividades no ano anterior que tiveron en conta a perspectiva de xénero, o apoio á normalización social da lingua galega, o respecto ao entorno e coñecemento e valoración do medio ambiente e patrimonio natural ou apoio a integración de persoas con dificultades: 4 puntos.
- A entidade solicitante acredita o desenvolvemento dos proxectos e actividades no ano anterior centrados na mellora da convivencia veciñal, as relacións interxeracionais e no fortalecemento da relación, colaboración e integración da veciñanza: 4 puntos.
- A entidade solicitante acredita o desenvolvemento de actividades de fomento do debate e/ou a participación social da veciñanza. 4 puntos.
- A entidade solicitante acredita a xestión directa dalgún espazo ou recurso de uso e interese social e accesible ao conxunto da veciñanza: 4 puntos.

Dentro da modalidade B e segundo os datos obrantes no expediente a puntuación correspondente as asociación é a seguinte:

(...)

2. b) Interese da proposta presentada, valorado por unha comisión técnica de persoas expertas no ámbito cultural e alleas ao Concello: ata 40 puntos.

- O interese cultural da proposta, ata 20 puntos.

INDICADORES	PUNTUACIÓN ESTIMADA
Relacionado coa cultura galega e local	3
Estimula a actividade en temas de interese veciñal e fomenta hábitos culturais	3
Grao de contribución ao interese xeral	2
Promove a participación veciñal	3
Proxectos con edicións anteriores, consolidados e mantidos no tempo	2
Grao de creatividade e innovación do proxecto	2
Actividades non cubertas pola oferta municipal e que contribúen a complementala	3
Uso e fomento da lingua galega	2
	20

(...)

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

- O impacto sociocultural e comunitario da proposta, ata 20 puntos.

INDICADORES	PUNTUACIÓN ESTIMADA
<i>Promove hábitos de vida sa</i>	2
<i>Impacto en canto ao número de beneficiarias da actividade</i>	2
<i>Grao en que o proxecto contempla especificamente a participación</i>	2
<i>Grao en que o proxecto ten en conta a información ou comunicación do mesmo</i>	2
<i>Carácter aberto ou pechado do proxecto</i>	2
<i>Variedade ou amplitude do público destinatario</i>	2
<i>Fomento da relación interxeracional</i>	2
<i>Actividades que fomentan a creación de novos públicos</i>	2
<i>Relación da actividade co territorio propio</i>	2
<i>Fomento das relacións veciñais</i>	2
	20

(...)

A determinación da contía dependendo dos puntos será a seguinte:

O sumatorio de tódalas puntuacións acadadas por cada unha das seis asociacións que chegan ao mínimo de 40 puntos, arrojan un total de 395,5 puntos, dita cantidade representa o total da subvención, é dicir 13.000,00 euros. Polo que mediante unha regra de tres, faise o cálculo que representaría os puntos de cada unha de elas sobre o total. No caso de que algunha entidade se lle outorgue unha cantidade superior a solicitada, a diferenza será repartida entre o resto de entidades culturais.

Ademais fanse as seguintes aclaracións:

“No caso da Asociación Cultural a Fuliada, decídese non ter en conta como cantidade a subvencionar o pago de honorarios ao profesor de música debido a que na memoria de actividades recolle especificamente que: “Estas clases son financiadas na súa totalidade polo alumnado da Asociación. A asistencia ós concertos, ben sexa na localidade de Betanzos, como noutros concellos tamén son financiados polos participantes”. Polo que se entende que a cantidade máxima a subvencionar ascende a 855,00 euros.

Polo que procede a realizarse o correspondente cálculo da contía correspondente ao número de puntos atribuído segundo os baremos das bases a cada asociación. Pero debido a que hai asociacións as que lle correspondería segundo a puntuación obtida unha cantidade superior a solicitada, decide aplicarse a esas asociacións o solicitado e proceder a dividir entre o resto o sobrante, tal e como se recolle nas seguintes táboas: (...)”

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e o réxime de atribucións plenarias do artigo 22.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local. RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por Decreto de alcaldía de data 20/06/2023.

SEGUNDO : Conceder e dispor o gasto con cargo aplicación orzamentaria 334/489.00 por importe de 13.000,00 euros, do seguinte xeito:

CIF		TIPO	Puntuación coeficiente de financiación.	Puntuación traxectoria, recursos e base social	Puntuación ferramentas de difusión	Puntuación representación mulleres	Puntuación natureza socio-cultural.	Puntuación cuestións de interese cultural	Puntuación impacto sociocultural	Total puntos	Contía	Anticipo
G15541089	ASOC. DE MULLERES LIAFAIL	B	5	17	3	2,5	12	12	8	59,5	2317,45€	1.853,96 €
G70502620	ASOCIACIÓN COMISIÓN DE FESTAS SAN MARTIÑO DE TIOBRE	B	5	10	4,5	2,5	12	12	10	56	2.181,14 €	1.744,91 €
G70213640	ASOCIACIÓN CULTURAL A FULIADA	A	5	13	4,5	2,5	4	15	16	60	855,00 €	NON
V15073513	CORAL POLIFÓNICA DE ABETANZOS	A	8	19	7,5	2,5	4	15	17	73	2.843,26 €	NON
G42985846	ASOC CULTURAL PESQUEDELLAS	A	5	13	7,5	2,5	4	20	18	70	1804,10 €	1.443,28 €
G15758733	ASOCIACIÓN LAR DE ABETANZOS	A	5	19	7,5	2,5	4	20	19	77	2.999,05 €	NON
TOTAL PUNTUACIÓN										395,5	13.000,00 €	

TERCEIRO.- Recoñecer a obriga e ordenar o pago do anticipo do 80% da subvención concedida ás asociacións/clubs que o solicitaron sendo os seguintes :

1. Asociación de mulleres Liafail por importe de 1.853,96 €
2. Asociación comisión de festas San Martiño de Tiobre por importe de 1.744,91 €
3. Asociación cultural Pesquedellas por importe de 1.443,28 €

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

CUARTO.- Notificar o acordo de outorgamento de subvencións segundo o recollido nas bases en virtude do artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das administracións públicas. O igual que publicar a resolución de concesión definitiva das subvencións na sede do Concello de Betanzos.

QUINTO.- Requirir as entidades culturais beneficiarias a documentación xustificativa recollida nas bases. O prazo para a xustificación rematará no prazo de 10 días hábiles dende a notificación da concesión aos beneficiarios.

SEXTO.- Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa
María Barral Varela

O secretario (Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18, do 16 marzo)
Adrián J. Márquez Caramés

Betanzos, 14.03.2025

A alcaldesa

María Barral Varela